

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA EN DATA 15 DE NOVEMBRO DE 2021

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Ángel Alvariño Saavedra (PSG-PSOE)

Sres./as. Concelleiros/as:

D^a. Ana Rosa Pena Barcia (PSG-PSOE)

D. Gonzalo Ferreiro Rego (ídem)

D^a. Verónica Vigo Santamariña (ídem)

D. Ángel Salvador García Cordero (ídem)

D^a. Ángeles Puentes Maceiras (ídem)

D. Eduardo Rodríguez Rey (ídem)

D^a. Soraya María Fernández Leal (ídem)

D. José Manuel Sanmartín Fornos (ídem)

D. Eduardo José Pereira Armoso (PP)

D. Roberto Rey Fernández (ídem)

D^a. Cristina Bouza Bellón (BNG-G. Mixto)

D. Carlos Caaveiro Puentes (MOVENEDA-G. Mixto)

Na Casa da Cultura da Vila de Neda, sendo as doce horas e trinta e catro minutos do día quince de novembro de dous mil vinte e un, convocado en forma regulamentaria, reúnese en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Ángel Alvariño Saavedra, en sesión de carácter ordinario, o Pleno do Concello, ao cal asisten os concelleiros e concelleiras que na marxe se relacionan, que son todos os integrantes da Corporación. Actúa como Secretario o titular deste Concello de Neda, D. Alejandro R. Antelo Martínez, asistindo tamén a Interventora desta entidade, D^o. Sonia Lorenzo Barbeito.

Sendo a hora sinalada e co *quórum* regulamentario a Presidencia acorda dar comezo á sesión, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na orde do día cursada xunto coa convocatoria, adoptándose, en relación cos mesmos, os acordos que pola mesma orde se pasan a consignar.

Previamente, a Presidencia xustifica a realización da sesión plenaria na Casa da Cultura en lugar de celebrarse no Salón de Sesións, co obxecto de cumprir os protocolos de seguridade e saúde establecidos como consecuencia da pandemia covid-19.

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA DE 04/10/2021

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade presta aprobación á citada acta.

2º.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DO 37/2021 AO 41/2021

O Pleno toma coñecemento dos citados Decretos, copia dos cales quedan a disposición dos corporativos.

3º.- APROBACIÓN DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS.

O Pleno toma coñecemento do seguinte informe proposta, ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno:

INFORME-PROPOSTA AO PLENO DO SERVIZO DE APOIO TÉCNICO-ADMINISTRATIVO

1º. – O Concello de Neda, segundo o documento de data do día 4 de decembro de 2019 e

asinado polo Alcalde-Presidente o día 5 do mesmo mes e ano, formalizou a súa adhesión ao Convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga, en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

2º. – O citado Convenio viña de ser publicado no Diario Oficial de Galicia nº 156, do día 17 de agosto de 2018, ao que este Concello solicitou a súa adhesión o día 2 de maio de 2019, que foi aceptada polo Conselleiro de Medio Rural, a proposta da Comisión de Seguimento do Convenio, o 2 de decembro de 2019 (rex. entrada núm. 2442 do 5/12/19).

3º. – O día 2 de febreiro de 2021 a Dirección Xeral de Defensa do Monte remitiu a este Concello o borrador do Plan Municipal de Prevención de Incendios Forestais (PMPDIF), elaborado no eido da colaboración técnica da Administración da Comunidade Autónoma recollido na cláusula segunda 1.a) do Convenio.

4º. – O documento foi informado favorablemente polos Servizos Técnicos Municipais.

5º. – O Pleno do Concello, na sesión que tivo lugar o día 26 de xullo de 2021 acordou:

1º. - Que se aprobe inicialmente o borrador do Plan Municipal de Prevención de Incendios Forestais, elaborado no eido da colaboración técnica da Administración da Comunidade Autónoma recollido na cláusula segunda 1.a) do Convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga, en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

2º. – Que se someta ao trámite de información pública polo prazo de 30 días.

3º. – Que, unha vez transcorrido o dito trámite, se remita o Plan á Dirección Xeral de Defensa do Monte para os efectos da emisión do informe preceptivo e vinculante previo á súa aprobación.

6º. – O día 30 de xullo de 2021 publicouse no Boletín Oficial da Provincia núm. 143, a mencionada aprobación inicial e o sometemento ao trámite de información pública. Logo de transcorrer o prazo conferido, non se achegou ningunha alegación nin suxestión.

7º. – O día 17 de setembro de 2021 remitiuse o Plan e a documentación pertinente á Dirección Xeral de Defensa do Monte para os efectos da emisión do informe preceptivo e vinculante previo á aprobación definitiva do PMPDIF, no senso do art. 16.3 LPIF.

8º. – Con data do 7 de outubro de 2021, recibíuse o informe interesado, asinado polo Director xeral de Defensa do Monte nesa mesma data, no que se indica que o Plan cumpre cos requisitos mínimos establecidos no art. 16 da LPIF, para a súa aprobación, e informa favorablemente a delimitación das redes secundarias de faixas de xestión da biomasa do PMPDIF de Neda, definidas nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable e arredor das edificacións destinadas ás persoas, vivendas

illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasoleneiras e parques e instalacións industriais, tal e como se establece no art. 21.1. LPIF.

9º. – A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data do 11 de outubro de 2021, tomou coñecemento do anterior informe e acordou trasladar este asunto ao Pleno.

10º. - Segundo o art. 7 a) da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (LPIF), os concellos son os competentes para a elaboración e aprobación dos PMPDIF que, entre outros cometidos, definirán as redes secundarias de faixas de xestión da biomasa aos que alcanzan as obrigas do art. 21 do mesmo texto.

Por canto queda exposto propónse que, previo o ditame da Comisión competente, o Concello Pleno adopte o seguinte acordo:

1º. - Que se aprrobe o Plan Municipal de Prevención de Incendios Forestais, coa delimitación das redes secundarias de faixas de xestión da biomasa, elaborado no eido da colaboración técnica da Administración da Comunidade Autónoma recollido na cláusula segunda 1.a) do Convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga, en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

2º. –Que, de conformidade co art. 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, se publique no Boletín Oficial da Provincia o acordo da aprobación definitiva, e se poña o documento íntegro do Plan a disposición dos interesados na sede electrónica do Concello.

3º. – Que, logo de aprobarse e publicarse, se comunique o acordo á Dirección Xeral de Defensa do Monte, xunto coa documentación acreditativa da resolución adoptada.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade presta aprobación á transcrita proposta, que queda convertida en acordo.

4º.- DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTE DO CONCELLO NO CONSELLO ESCOLAR DO CEIP SAN ISIDRO.

Previo ditame da Comisión Informativa, o Pleno coñece de escrito do día 02/11/2021, que remite a Directora do citado centro educativo, D^a. Natalia Dopazo Couto, no que, en virtude da Resolución do día 20 de setembro de 2021 da Secretaría Xeral de Educación y Formación Profesional pola que se establece o calendario de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria (DOG do 29 de setembro de 2021) e en cumprimento do disposto no artigo 33 do Decreto 92/1988, de 28 de abril, solicita a designación de representante do Concello para formar parte como membro de dereito no Consello Escolar do citado Centro, e pregan que a designación sexa comunicada á Xunta Electoral do IES antes do día 23/11/2021, por ser a data de

proclamación de candidatos electos segundo o previsto no calendario electoral.

DEBATE: Consta en ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, con 11 votos a favor dos Sres. Concelleiros de PSdeG-PSOE, BNG e MOVENEDA, e 2 abstencións dos Sres. Concelleiros do PP, acorda:

1º.- Designar á Concelleira de Educación, D^a. Ángeles Puentes Maceiras, como representante deste Concello no citado Consello Escolar.

2º.- Notificar este acordo ao citado Centro educativo e á Concelleira nomeada.

5º.- RATIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 08/11/2021 SOBRE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DO CONCELLO NO CONSELLO ESCOLAR DO IES FERNANDO ESQUÍO

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de 08/11/2021, do seguinte tenor literal:

“A Xunta de Goberno coñece de escrito do día 02/11/2021, que remite a Directora do citado centro educativo, D^a. María José Carballo Prieto, no que, en virtude da Resolución do día 20 de setembro de 2021 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pola que se establece o calendario de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria (DOG do 29 de setembro de 2021) e en cumprimento do disposto no artigo 33 do Decreto 92/1988, de 28 de abril, solicita a designación de representante do Concello para formar parte como membro de dereito no Consello Escolar do citado Centro, pegan que a designación sexa comunicada á Xunta Electoral do IES antes do día 11/11/2021, por ser a data de proclamación de candidatos electos segundo o previsto no calendario electoral.

A Xunta de Goberno, dáse por informada e, por unanimidade, acorda:

1º.- Designar á Concelleira de Educación, D^a. Ángeles Puentes Maceiras, como representante deste Concello no citado Consello Escolar.

2º.- Notificar este acordo ao citado Centro educativo e á Concelleira nomeada.

3º.- Deste acordo darase conta ao Pleno na primeira sesión que celebre para a súa ratificación si procede”.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, con 11 votos a favor dos Sres. Concelleiros de PSdeG-PSOE, BNG e MOVENEDA, e 2 abstencións dos Sres. Concelleiros do PP, acorda ratificar o acordo transcrito.

6º.- RATIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 08/11/2021 SOBRE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DO CONCELLO NO CONSELLO ESCOLAR DO CEIP MACIÑEIRA

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de 08/11/2021, do seguinte tenor literal:

“A Xunta de Goberno coñece de escrito do día 02/11/2021, que remite D. Felipe Vila Garrido, en calidade de Director do citado centro educativo, sito na Estrada do Roxal, 17, 15510- Neda; no que, en virtude da Resolución do día 20 de setembro de 2021 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pola que se establece o calendario de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria e en cumprimento do disposto no artigo 33 do Decreto 92/1988, de 28 de abril, solicita a designación de representante do Concello para formar parte como membro de dereito no Consello Escolar do citado Centro, pregan que a designación sexa comunicada á Xunta Electoral do Colexio antes do día 16/11/2021, por ser a data de proclamación de candidatos electos segundo o calendario electoral previsto.

A Xunta de Goberno, dáse por informada e, por unanimidade, acorda:

1º.- Designar á Concelleira de Educación, D^a. Ángeles Puentes Maceiras, como representante deste Concello no citado Consello Escolar.

2º.- Notificar este acordo ao citado Centro educativo e á Concelleira nomeada.

3º.- Deste acordo darase conta ao Pleno na primeira sesión que celebre para a súa ratificación si procede”.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, con 11 votos a favor dos Sres. Concelleiros de PSdeG-PSOE, BNG e MOVENEDA, e 2 abstencións dos Sres. Concelleiros do PP, acorda ratificar o acordo transcrito.

7º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 22/2021

Previo ditame da Comisión Informativa de Facenda e Contas, o Pleno coñece da seguinte proposta da Alcaldía:

“Elaborada a Providencia da Alcaldía de 4 de novembro de 2021, polo que se incoa o presente expediente e se xustifica a necesidade do mesmo, tal e como se establece na base 4ª das de execución do orzamento, e solicitados os informes correspondentes da intervención municipal.

Vistos os informes da Intervención municipal relativo á fiscalización do expediente de modificación de créditos MC 22/2021 (crédito extraordinario 1/2021 financiado con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais procedente da liquidación do ano 2020), para atender as seguintes necesidades consideradas urxentes e inaprazables:

- Dotación dunha liña de axudas, por importe total de ata un máximo de 70.000,00 euros, a través da concesión de subvencións en réxime de concorrencia, e dirixidas aos pequenos comerciantes, autónomos e aquelas actividades que se exercen neste Concello, e que se viron moi prexudicados pola crise iniciada no ano 2020 como consecuencia da pandemia e que, ao longo deste exercicio, non puideron recuperar unha actividade que lles permita

atender os seus gastos ordinarios de funcionamento a través do cal manterse de alta, evitando situacións de cese de actividade e de desemprego.

Tendo en conta os informes da Intervención municipal emitidos en relación a este expediente de modificación de créditos, de xeito que en base a eles e considerando que este expediente por sí só non debería repercutir negativamente nin na estabilidade orzamentaria nin na regra de gasto.

Considerando que no orzamento vixente, non existe crédito suficiente para imputar este gasto, tramitouse o presente expediente de modificación de créditos MC 22/2021 (Crédito Extraordinario financiado con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais procedente da liquidación do ano 2020).

Por todo o anterior, esta Alcaldía emite a seguinte proposta de acordo para que polo Pleno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos **MC 22/2021 de Crédito Extraordinario**, financiado con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais procedente da liquidación de 2020, por importe de **70.000,00 euros**, de acordo co seguinte esquema:

A) CRÉDITO EXTRAORDINARIO (aplicacións sen dotación inicial)

PROX.	Aplicación Orzamentaria	Consignación antes deste expediente(€)	Aumento que se propón (€)	Total consignación resultante (€)	Causas da súa necesidade
	430 479.01	0,00	70.000,00	70.000,00	Execución actuación non prevista no orzamento e sen consignación inicial en partida de imputación
TOTAL CRÉDITO EXTRAORDINARIO			70.000,00		

TOTA CRÉDITO EXTRAORDINARIO: 70.000,00 €

FINANCIAMENTO

En canto ao financiamento do expediente, este realizase con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais resultante da liquidación do ano 2020 (importe dispoñible pendente de emprego), calculado de acordo co establecido pola lexislación vixente, de acordo co seguinte detalle:

DESCRIPCION		IMPORTE
Económica		
87000	Remanente de Tesourería para Gastos Xerais.	70.000,00
	Total.....	70.000,00

2º.- Expoñer este expediente de modificación de créditos ao público mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, polo prazo de quince días hábiles, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións.

No caso de que non se presenten reclamacións ao acordo entenderase definitivamente adoptado, debendo publicarse a dita modificación do Orzamento, resumida por capítulos, no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 169.3 do Real Decreto Lexislativo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

DEBATE: Consta en ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, con 12 a favor dos Sres. Concelleiros de PSdeG-PSOE, PP e BNG, e 1 abstención do Sr. Concelleiro de MOVENEDA, presta aprobación á proposta da Alcaldía, que queda convertida en acordo.

8º.- MODIFICACIÓN BASES EXECUCIÓN ORZAMENTO 2021 PARA INCLUIR ANEXO RELATIVO ÁS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONS MUNICIPAIS

Previo ditame da Comisión Informativa de Facenda e Contas, o Pleno coñece da seguinte proposta da Alcaldía:

“Como xa consta na providencia de inicio deste expediente, é intención deste equipo de goberno contribuír a mitigar os efectos negativos que a COVID 19 ocasionou durante este ano en determinados sectores que forman parte do tecido produtivo e empresarial de Neda, constituído, principalmente, por persoas traballadoras autónomas e microempresas. Deste xeito, tratamos de contribuír economicamente á súa permanencia e volta a un contexto socioeconómico de recuperación.

Asemade, moitas actividades económicas que non se viron afectadas polo peche dos seus establecementos pola normativa derivada do estado de alarma, sí experimentaron un parón na súa actividade económica coa consecuencia da baixada dos seus ingresos, así como empresas que solicitaron un ERTE.

Á vista da situación que todo isto ocasionou dentro do tecido económico e produtivo deste Concello, e co fin de mitigar o dano causado no exercicio actual, á espera dunha recuperación para os vindeiros exercicios, e como complemento ás axudas tramitadas no exercicio anterior, cofinanciadas pola Deputación Provincial, dentro do programa PEL – REACTIVA; é polo que se opta por abrir unha nova liña de axudas dirixida a aqueles autónomos e pequenas empresas deste Concello que pertencen a determinados sectores, e que viron prexudicada a súa actividade, cun menoscabo da mesma e, polo tanto, da súa facturación. Tratamos así de mitigar estes efectos negativos sobre o sector económico e produtivo municipal, colaborando tamén dalgún xeito a manter os niveis de emprego.

Como complemento necesario a esta actuación, vaise tamén someter a aprobación do Pleno Municipal, na mesma sesión plenaria, a aprobación dun CRÉDITO EXTRAORDINARIO por importe de 70.000,00€ a través do cal dotar crédito para esta liña de axudas, materializada na concesión de subvencións en réxime de concorrencia, e dirixidas aos pequenos comerciantes, autónomos e aquelas actividades que se exercen neste Concello, e que se viron moi prexudicados pola crise iniciada no ano 2020 como consecuencia da pandemia e que, ao longo deste exercicio, non puideron recuperar unha actividade que lles permita atender os seus gastos ordinarios de funcionamento, evitando situacións de cese de actividade e de desemprego.

Tendo en conta que as bases reguladoras das distintas liñas de axudas que este Concello ven dotando habitualmente no seu Orzamento apróbanse no marco das Bases de Execución do Orzamento, a través da súa inclusión como anexos ás ditas bases, en aplicación do disposto no artigo 17.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

E vistos os informes emitidos e que constan no expediente, **proponse ao Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo:**

1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación das Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2021 a fin de incluír un novo Anexo no que se inclúan, e así se aproben, as “Bases reguladoras de axudas para contribuír a minimizar o impacto económico e social da COVID-19 no Concello de Neda, durante o exercicio 2021”, que figuran nun documento anexo a esta proposta.

2.- Expoñer este expediente de modificación das bases de execución do orzamento do exercicio 2021 ao público mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, polo pazo de quince días hábiles, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións.

3.- No caso de que non se presenten reclamacións ao acordo entenderase definitivamente adoptado, debendo publicarse a dita modificación das Bases de Execución do Orzamento, no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime

Local, e 169.3 do Real Decreto Legislativo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

ANEXO Á PROPOSTA DA ALCALDÍA

BASES REGULADORAS DE AXUDAS PARA CONTRIBUIR A MINIMIZAR O IMPACTO ECONÓMICO E SOCIAL DO COVID-19 NO TERMO MUNICIPAL DE NEDA DURANTE O EXERCICIO 2021.

Disposición Xeral

A pandemia provocada pola COVID-19 supuxo ter que facer fronte a unha nova situación, única ata o momento, e que fai que as Administracións Públicas, dentro das nosas posibilidades, aunemos esforzos para paliar o impacto económico e a perda de actividade que está a sufrir o noso tecido empresarial. Isto require da posta en marcha de medidas eficaces e eficientes.

Declarado o estado de alarma en marzo de 2020, prodúxose a suspensión da apertura ao público de diferentes actividades, excepto aquelas consideradas como esenciais. Isto levou ao peche de moitos locais e establecementos. Así, víronse afectados locais e establecementos nos que se desenvolvían espectáculos públicos e actividades deportivas e de lecer. Tamén se produxo unha suspensión das actividades de hostalería e restauración, de xeito tal que esta actividade só podía prestarse como servizo de entrega a domicilio. Tamén desde a Comunidade Autónoma se ditaron normas que suspendían actividades económicas correspondentes a academias, autoescolas, perruquerías (salvo servizos a domicilio por causas debidamente xustificadas). Tamén epígrafes da área de educación tiveron que suspender a súa actividade. E incluso se produxo a suspensión temporal da apertura ao público dos centros e establecementos de logopedia, podoloxía e fisioterapia en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, salvo tratamentos urxentes e inaprazables.

Asemade, moitas actividades económicas que non se viron afectadas polo peche dos seus establecementos pola normativa derivada do estado de alarma, sí experimentaron un parón na súa actividade económica coa consecuencia da baixada dos seus ingresos así como empresas que solicitaron un ERTE.

Á vista da situación que todo isto ocasionou dentro do tecido económico e produtivo deste Concello, e co fin de mitigar o dano causado no exercicio actual, á espera dunha recuperación para os vindeiros exercicios, e como complemento ás axudas tramitadas no exercicio anterior, cofinanciadas pola Deputación Provincial, dentro do programa PEL – REACTIVA, é polo que se opta por abrir unha nova liña de axudas dirixida a aqueles autónomos e pequenas empresas deste Concello que se encadran en determinados sectores, e que viron prexudicada a súa actividade, cun menoscabo da mesma e, polo tanto, da súa facturación. Tratamos así de mitigar estes efectos negativos sobre o sector económico e produtivo municipal, colaborando tamén dalgún xeito a manter os niveis de emprego.

1.- Obxecto do programa.

As presentes bases teñen por obxecto establecer a regulación (solicitud, tramitación, concesión, xustificación, pago e reintegro) das subvencións a conceder polo Concello de Neda destinadas a paliar o impacto derivado da crise socioeconómica ocasionada polo Covid-19 sobre as pequenas empresas e persoas traballadoras autónomas de Neda que se indicarán no apartado terceiro destas bases

Os efectos da pandemia que estamos a vivir seguen notándose con especialidade en determinados sectores que forman parte do tecido produtivo e empresarial de Neda constituído, principalmente, por persoas traballadoras autónomas e microempresas, polo que é vontade deste concello contribuír economicamente a súa recuperación e volta a un contexto socioeconómico de recuperación.

Esta nova liña de subvencións trata de completar as axudas xa outorgadas con anterioridade polo concello no ano 2020, como foron as axudas para o impulso da actividade económica no termo municipal de Neda, para paliar os efectos do Covid-19, financiada con cargo ás axudas do PEL REACTIVA de concellos adheridos ao fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia de A Coruña financiadas nun 20% con fondos propios.

2.- Gastos Subvencionables.

Ten a consideración de concepto subvencionable o financiamento de gastos estruturais e de funcionamento correntes, que axuden ao mantemento da actividade.

O importe da subvención deberá destinarse a gastos inherentes á actividade, de funcionamento e mantemento, podendo destinarse aos gastos de aluguer de local ou vehículos da empresa, gastos hipotecarios do local ou sede social da empresa, dixitalización do negocio, nóminas de traballadores, cotas á seguridade social dos traballadores ou empresario autónomo, mercadotecnia e publicidade, actuacións de mantemento do local, subministracións de materias primas, servizos profesionais independentes, primas de seguros e subministracións (auga, electricidade e gas).

Os gastos subvencionables corresponderanse con gastos realizados e efectivamente abonados entre o período comprendido do 01.01.2021 ao 31.12.2021.

3.- Persoas beneficiarias.

3.1.- Requisitos

Estas axudas van dirixidas a persoas traballadoras autónomas con ou sen traballadores/as ao seu cargo, microempresas, pequenas empresas, comunidades de bens, sociedades civís ou entidades económicas empresariais sen personalidade xurídica que reúnan, no momento de presentar a solicitude de subvención, os seguintes requisitos:

- Ter o seu domicilio fiscal ou local de negocio no Concello de Neda.
- Non atoparse incursas en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Axencia Tributaria Galega e coa Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- Non ter débedas co concello de Neda.
- Cumprir coas obrigas establecidas na base 9.
- Estar dado de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social, no caso das persoas físicas.
- Estar dado de alta nalgún dos seguintes epígrafes que se describen a continuación, por entender que se trata das actividades que dentro deste concello de Neda sufriron unha maior merma da súa actividade e dos seus

ingresos durante este exercicio 2021, como consecuencia dos efectos da COVID-19 sobre a actividade económica municipal.

Epígrafes de servizos de taxis, hostelería, hospedaxe e pensións, feiras e verbenas, pirotecnia, perruquerías e salóns de beleza, comercio ao por menor de produtos alimenticios sen establecemento.

- Que pecharan os seus establecementos e cesaran na súa actividade de xeito obrigado ou por descenso na súa facturación por mor do estado de alarma ocasionado pola pandemia da COVID-19 no ano 2020 (o cese de actividade pódese comprobar a través do informe de vida laboral, no que aparece o período de cese de actividade). Ou ben, empresas en ERTE por mor da pandemia. Ou ben actividades establecidas nos epígrafes de servizos de taxis, hostelería, hospedaxe e pensións, feiras e verbenas, pirotecnia, perruquerías e salóns de beleza, comercio ao por menor de produtos alimenticios sen establecemento.
- Aqueles cuxa facturación se vira reducida, polo menos, nun 25% no exercicio 2020 con relación o exercicio 2019, debendo ser xustificado mediante as correspondentes declaracións tributarias (modelo 390, 130, 100, e, no caso de módulos, mediante libro-rexistro de ingresos).

A microempresa e a pequena empresa son aquelas definidas conforme Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014.

Non poderán obter a condición de beneficiarios os autónomos colaboradores.

4.- Crédito orzamentario.

A contía destinada a atender estas subvencións ascende a un importe total 70.000,00 euros do orzamento municipal para o exercicio 2021, na aplicación orzamentaria 430.47901, financiada con fondos propios do concello de Neda.

A subvención será outorgada a tódalas persoas beneficiarias que reúnan os requisitos sinalados nas presentes bases, ata esgotar o crédito dispoñible, rateándose, no seu caso, a contía total máxima fixada na convocatoria dentro do crédito dispoñible entre o número de solicitudes presentadas que reúnan os requisitos sinalados nas bases.

5.- Contía das axudas.

Concederase unha cantidade fixa de:

- Ata un máximo de 1.000,00 euros por cada beneficiario desta axuda.

Estas axudas serán compatibles con calquera outra concedida por entidades públicas ou privadas, autonómicas, estatais ou internacionais, sempre que o importe total das axudas percibidas polo mesmo concepto non supere o custo total dos gastos subvencionables polas presentes axudas.

5.1.- Réxime de minimis.

Estas axudas quedan sometidas ao réxime de minimis. A axuda total de minimis concedida a unha única empresa non excederá de 200.000 euros durante os tres últimos exercicios fiscais.

5.2.- Marco nacional temporal.

Deberá terse en conta as Comunicacións da Comisión Europea sobre Marco Temporal relativo ás medidas de axuda estatal destinadas a apoiar a economía no contexto do

actual brote da COVID-19: C/2020/1863, publicada no DOUE C 91I do 20/03/2020, e modificacións do 03/04/2020, publicada no DOUE C 112I do 04/04/2020, e do 12/05/2020, publicada no DOUE C 164 do 13/05/2020.

6.- Forma e prazo de presentación de solicitudes.

6.1.- Forma

As solicitudes deberán presentarse por vía telemática a través da Sede Electrónica do Concello de Neda, para aquelas persoas interesadas que teñan a obriga de relacionarse coa Administración por medios electrónicos.

As persoas interesadas en participar na presente convocatoria deberán presentar o modelo de solicitude normalizado que estará dispoñible na páxina web municipal asinado dixitalmente pola persoa física ou a representante legal da persoa xurídica.

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa enviada dentro do prazo establecido.

Para presentar a solicitude de maneira telemática é imprescindible que o/a solicitante, no caso de persoas físicas, e a representante legal da entidade, cando se trate de persoas xurídicas, dispoñan de sinatura electrónica.

Non se admitirá máis dunha solicitude por entidade. Considérase unha soa entidade todas aquelas nas que os/ as socios/as, administradores/as ou membros da xunta directiva sexan comúns nunha porcentaxe superior ao 50% ás vinculadas nos termos establecidos na Lei xeral de subvencións e nas súas normas de desenvolvemento, así como as que puidesen encaixar no concepto de grupo nos termos dispostos no Código de Comercio.

No caso de presentación de varias solicitudes só se terá en conta a última presentada, que deixará sen efecto e anulará todas as anteriores.

A presentación dunha declaración responsable falseando as condicións requiridas para a concesión dunha subvención ou ocultando as circunstancias que a impedisen ou limitasen, poderá ter a consideración dunha infracción moi grave nos termos da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coas posibles consecuencias sancionadoras e de reintegro da subvención percibida, nos termos que se recollen na dita norma. A estes efectos terase presente o réxime xurídico da declaración responsable previsto no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

En calquera caso, considerarase como falseamento ou ocultación das circunstancias o incumprimento do compromiso de manter os requisitos necesarios para ter dereito ao cobro da subvención, a falta de documentación que o acredite e o incumprimento da obriga de comunicar que se deixaron de cumprir os requisitos esixibles.

Non axustarse aos termos desta convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra alteración da información será causa de desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto nos artigos 54 a 56 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6.2.- Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Coruña (BOP).

A presentación da solicitude de subvención fora do prazo establecido e a non utilización dos formularios normalizados de uso obrigatorio, serán causas de inadmisión.

7.- Documentación a achegar.

A solicitude normalizada deberá estar asinada pola persoa interesada ou a súa representante legal e debe acompañarse obrigatoriamente da seguinte documentación:

- a) Anexo I de solicitude da axuda.
- b) Anexo II declaración responsable do cumprimento de requisitos e obrigas.
- c) DNI/NIE ou CIF, segundo corresponda, polas dúas caras.
- d) Copia da escritura de constitución, acta fundacional ou documento equivalente, acreditativa da personalidade xurídica.
- e) Documentación que acredite a capacidade da persoa que actúe como representante da entidade para actuar no seu nome.
- f) Copia do DNI ou NIE da persoa que exerza a actividade.
- g) Certificado actualizado de Situación Censal que indique a actividade económica coa súa data de alta, o domicilio fiscal e os locais de desenvolvemento da actividade.
- h) Resolución/certificación do alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos ou a Mutua profesional correspondente.
- i) Informe actualizado de Vida Laboral da persoa traballadora autónoma ou empresa, expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social no que se inclúa o número de traballadores/as ao seu cargo.
- e) Certificación de titularidade de conta bancaria.
- f) Documentación acreditativa da baixada de facturación de alomenos o 25%, se é o caso.

8.- Instrución e resolución do procedemento.

A instrución do procedemento corresponderá á Comisión de Valoración, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, analizando o cumprimento por parte das persoas beneficiarias dos requisitos establecidos nas presentes bases, quedando facultada para ese efecto para a interpretación das bases, que deberá facerse, en todo caso, atendendo ao obxecto e finalidade previstos no texto regulador.

O procedemento de tramitación das subvencións recollidas nesta orde axustarase ao disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que polo obxecto e finalidade da subvención non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento.

Se resultase que a documentación está incompleta ou é defectuosa, de conformidade co disposto no artigo 23.5 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, requiriráselle ao solicitante para que no prazo de dez días a partir do día seguinte á data de notificación, achegue a documentación necesaria ou emende os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das

Administracións Públicas.

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, constituirase a Comisión de Valoración, que comprobará, as solicitudes recibidas. Aquelas solicitudes que cumpran cos requisitos esixidos serán propostas pola Comisión de Valoración para ser resoltas favorablemente, elaborando proposta de resolución.

A subvención será outorgada a todas as persoas beneficiarias que reúnan os requisitos sinalados nas presentes bases, ata esgotar o crédito dispoñible, rateándose, no seu caso, a contía total máxima fixada na convocatoria dentro do crédito dispoñible entre o número de solicitudes presentadas que reúnan os requisitos sinalados nas bases.

Na proposta deberán figurar as solicitudes admitidas e propostas para concesión de subvención, así como as solicitudes a desestimar, con indicación do motivo ou motivos de desestimación.

A Comisión de Valoración elaborará proposta de resolución que someterá ao órgano competente para resolver e para a súa posterior publicación. O órgano competente para resolver será a Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local ditará acordo de resolución do procedemento, previo informe de fiscalización por parte da Intervención Municipal.

O Acordo será obxecto de publicación, na páxina web municipal, no taboleiro de edictos electrónico do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, producindo esta publicación os efectos da notificación. A data de cómputo de prazos empezará ao día seguinte da publicación no taboleiro de edictos dixital do Concello.

O prazo máximo para resolver e notificar o acordo será de tres meses a contar dende o seguinte á finalización do prazo de presentación das solicitudes.

A resolución poñerá fin á vía administrativa, podéndose interpor contra ela recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que dite a resolución ou ben recorrer directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativo na forma e prazos previstos na lei reguladora desta xurisdición.

9.- Obrigas das persoas beneficiarias.

As persoas beneficiarias deberán cumprir coas obrigas específicas recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, en especial, as seguintes:

- 1.Cumprir con todos os requisitos indicados nestas bases.
- 2.As persoas beneficiarias están obrigadas a permanecer en alta no Réxime Especial da Seguridade Social de Traballadores por Conta Propia/ Autónomos ou no que, no seu caso, corresponda da Seguridade Social ou en Mutualidades profesionais ou no caso das microempresas, a manter a mesma forma xurídica polo menos dous meses dende a finalización do período subvencionable.
- 3.Declarar no momento de presentación da solicitude que non presenta máis dunha solicitude por entidade ou persoa física (autónomo/a). No caso de que o solicitante sexa unha persoa física, declaración de que non forma parte dunha sociedade que teña solicitado outra subvención na presente convocatoria.
- 4.Cumprir coa normativa de minimis e non superar os límites establecidos na normativa para o seu sector, se esta resultase de aplicación.

5. Declarar a obtención de subvencións ou axudas procedentes doutras administracións e entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais e acreditar que a suma de todas elas non supera o límite de 40.000 €.

6. Comunicar de inmediato ao concello calquera modificación que puidera afectar a algún dos gastos recollidos na solicitude inicial realizada, para a valoración do caso por parte do Departamento responsable das axudas.

7. Empregar a subvención outorgada para o mesmo fin para o cal foi concedida, axustándose aos termos establecidos nas Bases e na convocatoria e de conformidade coa lexislación vixente.

8. Conservar os documentos xustificativos da aplicación da subvención recibida, incluídos os documentos electrónicos, que poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control durante o período establecido, en cada caso, pola lexislación vixente sobre a materia.

9. Dar o seu consentimento ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo coa lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

10. Dar publicidade, nos termos establecidos na resolución de concesión, ao carácter público do financiamento da actividade realizada, figurando expresamente nun lugar visible do centro de traballo o logotipo do Concello. O mesmo tipo de publicidade realizarase nun lugar preferente da páxina web da empresa, de existir esta.

11. Xustificar o cumprimento dos obxectivos, requisitos, condicións e de finalidade suxeita á subvención, someténdose ás actuacións de comprobación e control, que poderá efectuar o concello, como outros órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios.

12. Atender e proporcionar, no seu caso, canta información lle poidan solicitar os servizos de control interno municipal do concello.

13. Someterse ao control financeiro exercido polo órgano interventor municipal.

10.- Xustificación da subvención.

O prazo de xustificación remata o día 31 de maio de 2022, e dita xustificación realizarase mediante a presentación na sede electrónica (<https://sede.neda.gal>) da documentación sinalada a continuación no Rexistro do Concello asinada dixitalmente:

1. Unha relación clasificada dos gastos obxecto de subvención.
2. Facturas orixinais ou copias compulsadas.
3. En caso de xustificación de gastos de persoal, deberán achegarse os correspondentes contratos de traballo ou nóminas e boletíns de cotización á seguridade social, TC1 e TC2, así como os documentos bancarios acreditativos dos correspondentes pagos.
4. En caso de xustificación de seguros, ademais da documentación acreditativa do pago deberá acompañarse a correspondente póliza.
5. En caso de xustificación de gastos de aluguer deberá acompañarse, ademais da documentación acreditativa do pago, o correspondente contrato.
6. En caso de xustificación de gastos hipotecarios, ademais da documentación acreditativa do pago deberá acompañarse o correspondente contrato de hipoteca.
7. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien os conceptos subvencionados por medio de subvención, con indicación do importe e a súa procedencia.
8. Xustificantes bancarios do pagamento das facturas. Só se admitirán pagamentos en efectivo cando o importe da factura sexa inferior a 100,00 euros e sen que poida ser obxecto de fraccionamento.
9. Declaración doutras axudas ou subvencións públicas para financiar as mesmas actividades con indicación de importe (Anexo III).
10. Declaración asinada polo responsable da entidade beneficiaria de que a subvención

se destinou ós mesmos fins para os que foi solicitada e concedida (Anexo III).

11. Declaración responsable ou, no caso de que o importe da subvención supere os 3.000,00€, certificados de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social.

12. Documentación gráfica da actividade onde conste a colaboración do Concello de Neda.

O concello aboará o importe da subvención concedida logo da presentación da documentación xustificativa do gasto realizado.

O pago da subvención realizarase mediante transferencia bancaria á conta bancaria indicada pola persoa beneficiaria da subvención.

11.- Reintegro das subvencións.

A constatación do incumprimento dos requisitos necesarios ou dos deberes asumidos como consecuencia da concesión da subvención, así como a falsidade documental, poderá dar lugar á extinción do dereito ao seu desfrute ou á modificación da resolución de concesión, ao reintegro das cantidades percibidas e, no seu caso, á incoación do correspondente expediente sancionador, conforme ao establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como cantas responsabilidades de toda orde puidesen derivarse.

12.- Normativa de aplicación.

Para todo o non previsto nestas bases será de aplicación a normativa seguinte:

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Bases de execución do orzamento do concello de Cedeira, vixentes no momento da concesión.
- Regulamento (UE) n.º 1407/2013, da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE L 352, do 24 de decembro).
- Marco temporal relativo ás medidas de axuda estatal destinadas a apoiar a economía no contexto do actual brote de COVID-19, recollido na Comunicación da Comisión Europea do 19 de marzo de 2020 (2020/C 91 I/01) (DOUE do 20 de marzo), e as súas posteriores modificacións
- Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais.

Así mesmo, aplicaranse todas aquelas normas legais ou regulamentarias, que conteñan prescricións relativas ás subvencións ou sexan susceptibles de producir efectos no dito ámbito.

A xestión destas axudas suxeitarase aos principios de publicidade, concorrencia, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como á eficacia no cumprimento de obxectivos de eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

13.- Datos de carácter persoal.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, polo concello de Neda coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público.

Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica do concello de Neda ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Todo o cal se informa en cumprimento do disposto nos artigos 11 e seguintes da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e a súa normativa de desenvolvemento.

ANEXO I

SOLICITUDE DA AXUDA MUNICIPAL

Nome da persoa que presenta a solicitude	DNI ou NIE
Dirección	Municipio
Teléfono	Correo electrónico
Actividade exercida	Sede social
Locais situados en Neda (nome e dirección)	

En representación da seguinte entidade, no seu caso:

Nome da entidade solicitante	CIF
------------------------------	-----

Dirección	Municipio
Teléfono	Correo electrónico
Actividade exercida	Sede social
Locais situados en Neda (nome e dirección)	

SOLICITO: Que me sexa concedida unha subvención ao abeiro da convocatoria de axudas do Concello de Neda no marco do PROGRAMA: DE AXUDAS A AUTÓNOMOS E MICROEMPRESAS CONVOCADO POLO CONCELLO DE NEDA

Nota.- Adxunto a este anexo, as persoas solicitantes deberán presentar a seguinte documentación:

- Anexo II declaración responsable do cumprimento de requisitos e obrigas.
- DNI/NIE ou CIF, segundo corresponda, polas dúas caras.
- Copia da escritura de constitución, acta fundacional ou documento equivalente, acreditativa da personalidade xurídica.
- Documentación que acredite a capacidade da persoa que actúe como representante da entidade para actuar no seu nome.
- Copia do DNI ou NIE da persoa que exerza a actividade.
- Certificado actualizado de Situación Censal que indique o domicilio fiscal e os locais de desenvolvemento da actividade.
- Resolución/certificación do alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos ou a Mutua profesional correspondente.
- Informe actualizado de Vida Laboral da persoa traballadora autónoma ou empresa, expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social no que se inclúa o número de traballadores/as ao seu cargo.
- Certificación de titularidade de conta bancaria.

A presentación da presente solicitude comporta a autorización ao Concello de Neda para a obtención das certificacións de estar ao corrente de débedas coa Axencia Tributaria Estatal e Autonómica, así como coa Tesorería Xeral da Seguridade Social e para comprobar de oficio que estean ao corrente do cumprimento da súas obrigas fiscais co Concello de Neda, así como o padrón de habitantes, se é o caso.

A presentación da presente solicitude comporta a autorización ao Concello de Neda, no suposto de ter a condición de beneficiario/a da subvención, para realizar as actuacións de comprobación e seguimento necesarias para comprobar o cumprimento da finalidade destas axudas municipais.

Asinado dixitalmente.

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Nome da persoa que presenta a solicitude	DNI ou NIE
Dirección	Municipio
Teléfono	Correo electrónico
Actividade exercida	Sede social
Locais situados en Neda (nome e dirección)	

En representación da seguinte entidade, no seu caso:

Nome da entidade solicitante	CIF
Dirección	Municipio
Teléfono	Correo electrónico
Actividade exercida	Sede social
Locais situados en Neda (nome e dirección)	

DECLARO (só riscar en caso afirmativo):

- Ter o domicilio fiscal ou local de negocio no Concello de Neda.
- Non atoparme incurso en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Axencia Tributaria Galega e coa Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- Non ter débedas co concello de Neda.
- Que todos os datos que constan na solicitude e nos documentos que se xuntan son certos.
- Que a actividade desenvolvida sufriu unha redución da facturación do exercicio 2020 con relación ao 2019 de, polo menos, o 25 %.
- Que para a mesma actividade ou proxecto, esta entidade solicitou e/ou obtivo as axudas que se detallan a continuación:

Axuda solicitada	Axuda concedida	Ano	Importe	Ente concedente	Obxecto da axuda
------------------	-----------------	-----	---------	-----------------	------------------

<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>				
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>				

- Que non solicitou nin percibiu outras axudas para a mesma actividade ou proxecto que a subvención desta convocatoria de calquera administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional.
- Cumprir coas obrigas establecidas na base 9.
- Estar dada de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social, no caso das persoas físicas.
- Non estar afectada polos límites establecidos no réxime de “minimis” ao que se acollen estas axudas.
- Non estar afectada polo Marco Nacional Temporal II, e en xeral, ao do resto dos marcos nacionais temporais e ao do Marco temporal relativo ás medidas de axuda estatal destinadas a apoiar a economía no contexto do actual brote de COVID-19.
- No caso de ser beneficiaria da subvención, comprométese a cumprir todos os compromisos e obrigas recollidos nestas bases.

Asinado dixitalmente.

DEBATE: Consta en ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, con 12 a favor dos Sres. Concelleiros de PSdeG-PSOE, PP e BNG, e 1 abstención do Sr. Concelleiro de MOVENEDA, presta aprobación á proposta da Alcaldía, que queda convertida en acordo.

9º.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL RELATIVA A SANIDADE PÚBLICA.

Previo ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, emitido con 11 votos ponderados a favor da elevación ao Pleno desta declaración institucional emitidos polos Sres. Concelleiros de PSdeG-PSOE e MOVENEDA-Grupo Mixto, e 2 votos ponderados en contra emitidos polo Sr. Concelleiro do PP, o Pleno coñece do escrito presentado por D. Jose Iglesias Novas, con D.N.I. 32.598.801G, en representación da Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia, solicitando que se aprobe unha declaración institucional do seguinte tenor:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Antes da pandemia da Covid-19 a Atención Primaria xa atravesaba unha profunda crise estrutural, con déficit de profesionais pola falta de adecuación dos cadros de persoal as necesidades poboacionais, a non renovación de xubilacións, baixas e vacacións e as demoras e masificación na asistencia, como consecuencia dos recortes nos orzamentos aplicados polos sucesivos gobernos do Partido Popular. Na actualidade, os orzamentos na Atención Primaria apenas supoñen o 12 % do orzamento sanitario total, que é

evidentemente insuficiente e é urxente incremental.

Durante a pandemia, en Atención Primaria priorizouse a atención telefónica sobre a presencial o que impediu o acceso dos pacientes aos centros sanitarios e reduciuse o aforo das salas de agarda obrigando aos pacientes a facer cola fóra dos centros de saúde. Suspendeuse a realización de probas e controles de saúde periódicos, sobre todo en pacientes con patoloxías crónicas. Estas medidas para evitar a transmisión, están tendo consecuencias negativas na calidade da atención que reciben as e os cidadáns, entre elas o atraso no diagnóstico de patoloxías como as tumorais.

Hoxe temos agardas de máis de 10-12 días para recibir atención médica de forma telefónica no Centro de saúde, que poden chegar a un mes para unha consulta presencial, o que non é comprendido pola cidadanía e orixina nela un sentimento de abandono e desprotección por parte do Sistema Sanitario Público.

O contacto e a relación médico-paciente constitúe o alicerce fundamental da Atención Primaria, polo que manter esta modalidade de consulta telefónica ou telemática como base da atención sanitaria supón unha enorme limitación da accesibilidade, racionalidade e calidade do modelo sanitario. Isto xenera malestar social e profesional que vai en aumento, cun deterioro da imaxe do Sistema Sanitario Público.

Durante os meses de confinamento, as traballadoras e os traballadores da Sanidade Pública recibiron o recoñecemento e a gratitude da cidadanía ao labor desenvolvido en durísimas condicións. Este recoñecemento abría a esperanza de que, tras o estado da alarma sanitaria, o SERGAS impulsaría medidas e reformas para mellorar e fortalecer esta primeira liña asistencial, tal como recomendan as sociedades científicas, axentes sociais e sindicais. Lamentablemente a realidade é ben distinta e a cidadanía atopamos a mesma precariedade anterior acrecentada por unha atención baseada en primar consultas telefónicas sobre as presenciais e con restricións de acceso ao Centro de Saúde.

Hai que recuperar a atención presencial e o acceso aos centros o antes posible, para evitar un maior deterioro do propio sistema e empeorar os datos de saúde da poboación.

As barreiras de acceso á Atención Primaria favorece a privatización, coa correspondente fuxida das persoas con maior capacidade económica aos seguros privados (na actualidade xa supón un 20% da poboación) e a desprotección das persoas con menos recursos, en consecuencia un aumento da iniquidade.

Para revertir esta situación, é necesario:

- A apertura dos Centros de Saúde, con consultas 100% presenciais como única maneira de garantir a igualdade de oportunidades á poboación, nun entorno seguro que manteña as medidas hixiénicas e sanitarias: máscaras e distancia de seguridade.

- Reapertura de tódolos Consultorios existentes e que foron pechados pola pandemia de Covid-19.

- Mellorar a accesibilidade acabando coas listas de espera, co desdoblamento das consultas e o incremento de persoal para a súa atención. Limitando as consultas telefónicas ou telemáticas a actividades complementarias, que non limiten ou interfiran a necesaria relación persoal e presencial entre traballadores e traballadoras da Atención Primaria e a poboación, e que non sigan discriminando aínda máis ás persoas maiores ou con dificultades de acceso no manexo das novas tecnoloxías.

- Incrementar de maneira urxente o orzamento sanitario destinado a Atención Primaria. O obxectivo sería acadar o 25% do presuposto en 5 anos.

- Contratar e acabar coa precariedade laboral do persoal, implementando un “Plan de Mellora da Atención Primaria” que redimensione os equipos multidisciplinares para dar cobertura ás necesidades de saúde da poboación.

Dende a Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia consideramos que: É urxente un cambio de política sanitaria da Xunta que poña en marcha medidas extraordinarias e urxentes, polo que esiximos a o SERGAS e o Goberno Galego:

- A recuperación da accesibilidade aos centros asistenciais. **Atención 100% Presencial XA!!**

- Incremento do cadro de persoal, nos Centros de Saúde de Galicia.

- Repoñer a Xerencia de Atención primaria que eliminaron, como forma de organización específica da área e presuposto propio e non dependente do hospital de referencia.

A Xunta de Galicia do Sr. Núñez Feijóo é o único responsable do deterioro da Atención Primaria en beneficio da sanidade privada. Se non facemos unha forte presión social e profesional para conseguir cambios de calado, a nova realidade pos-pandemia pode deteriorar aínda máis a situación que vimos padecendo dende hai moito tempo.

A plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia, tras o traballo que están a realizar as Plataformas en Defensa da Sanidade Pública nos ámbitos locais, vamos convocar unha Manifestación o Domingo 14 de Novembro, as 12 h., en Santiago de Compostela, baixo o lema : **“SALVEMOS A ATENCIÓN PRIMARIA”** , para reverter esta situación.

Polo que dende A PLATAFORMA SOS SANIDADE PÚBLICA DE GALICIA, solicito ao Concello de Neda, un **posicionamento público do Concello, de apoio** a dita manifestación. Así como que poñan a disposición dos cidadáns uns autobuses gratuítos para os que queiran asistir a dita manifestación. Estes autobuses podían ser xestionados a través das web do concello, para solicitude das prazas e ir cubrindo o aforo do concello.

DEBATE: Consta en ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, con 11 votos a favor dos Sres. Concelleiros de PSdeG-PSOE, BNG e MOVENEDA, e 2 votos en contra dos Sres. Concelleiros do PP, aproba a transcrita declaración institucional

10º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSdeG-PSOE CON MOTIVO DO DÍA 25 DE NOVIEMBRE, DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER

A portavoz da formación, Sra. Pena Barcia, defende a moción, do seguinte tenor literal:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cada 25 de novembro, o grupo municipal socialista súmase á conmemoración do Día Internacional contra a Violencia contra as mulleres. Compartimos a dor de tantas mulleres que sofren violencia, das súas fillas e fillos, nais, pais, familiares e amizades. A elas diriximos todo o noso apoio, a convicción de que loitamos pola máis xusta das causas e o noso compromiso de non deixar de avanzar ata erradicar da nosa sociedade a violencia machista. Sabemos que o camiño será longo, pero iso só fai máis urxente que apuremos o paso e que sigamos avanzando.

Desde 2003 foron asasinadas no Estado 1.117 mulleres e 44 nenas e nenos. Desde 2019 interpuxéronse 1.743.680 denuncias por violencia de xénero e 452.095 ordes de protección, e 652.795 mulleres recibiron o apoio dos Corpos e Forzas de Seguridade a través do Sistema de Seguimento Integral nos casos de Violencia de Xénero VIOGEN. Segundo os datos da Macroenquisa de violencia contra a muller, o 34,2% das mulleres de todo o Estado sufriron violencia por parte das súas parellas ou exparellas e o 47,2% non denunciou nin empregou os servizos públicos de axuda, e en moita maior medida no caso de mulleres novas.

En Galicia, cada día se incoan nos xulgados 17 novos procedementos penais por violencia contra a muller. Estes xulgados recibiron no segundo trimestre deste ano 1.649 denuncias por violencia machista, un 10,4 % máis que no mesmo período do ano pasado. Tamén con respecto a 2020 existiu un incremento do 9,6% no número de mulleres que son recoñecidas como vítimas, sendo a 30 de xuño de 2021 un total de 1.636. O primeiro Informe sobre a Violencia contra a Muller 2015-2019 apunta ademais que cerca da metade das infraccións penais cometidas contra mulleres en Galicia responden a violencia psíquica, a máis invisible das violencias machistas.

Non podemos resignarnos a que se asuma como normalidade a traxedia dolorosamente cotiá da violencia machista porque non é un destino escrito en pedra senón o resultado, tal e como sinala Nacións Unidas, “dunhas relacións de poder desiguais entre mulleres e homes que persiste como unha crise silenciosa”.

Como cada 25 de Novembro as e os socialistas alzamos a voz contra ese silencio. Sumamos a nosa palabra á de millóns de mulleres e homes que en todo o planeta din basta

e reafirmamos ese compromiso tamén con feitos. Desde o Partido Socialista impulsamos o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, que supuxo o recoñecemento de que existe un tipo específico de violencia, a que se exerce contra as mulleres polo feito de ser mulleres e supuxo un cambio completo de perspectiva amplamente demandada polo movemento feminista.

Co Real Decreto-lei de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero abordáronse os cambios legislativos necesarios para ampliar a protección das vítimas e as súas fillas e fillos, e durante a crise da COVID-19 puxéronse a disposición das administracións os fondos para previr e combater a violencia de xénero. Tamén a igualdade é un dos catro eixos principais do 'Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia' que lidera o Goberno de España e a loita contra a violencia machista terá un papel prioritario neste proceso.

O Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero cumprirá a súa vixencia o próximo ano e consideramos que é o momento de coñecer o seu impacto, de avaliar, renovar e actualizar o compromiso contra a violencia machista, volvendo sumar o maior consenso posible para que a violencia de xénero siga a ser unha cuestión de Estado, que atinxe a todos os partidos políticos. É o momento de mellorar a coordinación das diferentes administracións na loita contra a violencia de xénero, así como dotar esta tarefa co financiamento axeitado a través das Comunidades Autónomas e concellos, pero tamén a través das organizacións feministas da sociedade civil.

En cumprimento co Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, o Partido Socialista considera que os diferentes tipos de violencia que sofren as mulleres requiren de leis específicas e integrais para adecuar a necesidade de intervención e de protección a cada tipo de violencia. É urxente a aprobación da Lei Orgánica de Garantía da Liberdade Sexual -coñecida como Lei do Só Si é Si- para que o consentimento da muller sexa o aspecto fundamental sobre o que se configuran os delitos contra a liberdade sexual.

Consideramos que se debe avanzar cara a un novo marco legislativo orientado á abolición da prostitución. A trata con fins de explotación sexual non pode desligarse da prostitución, a forma máis terrible de violencia contra as mulleres. Son dúas caras dunha mesma realidade xa que a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual existe porque hai demanda de mulleres e nenas para a prostitución. O Partido Socialista desexa unha sociedade onde as mulleres e as nenas non sexan prostituídas, nas que os corpos de mulleres e nenas non sexan obxectos de consumo. O noso modelo de sociedade é un no que homes e mulleres son iguais e libres e esa idea é incompatible coa prostitución e la trata de seres humanos.

Non podemos esquecer que a prostitución non é un problema das mulleres, senón de calidade democrática. Garantir a liberdade, a seguridade e a vida das mulleres e protexer as vítimas non é unha opción, é unha obriga. A violencia machista interpélanos e as administracións locais debemos combatela con todos os medios ao noso alcance.

No ámbito das nosas competencias, desenvolvemos un papel fundamental na prevención, así como na información, asesoramento, protección e acompañamento ás mulleres vítimas e seus fillos e fillas.

Por todo isto, desde o Grupo Municipal Socialista de Neda propoñemos para a súa aprobación polo Pleno os seguintes acordos:

- Ratificar o compromiso firme do Concello cos dereitos das mulleres, a erradicación de calquera tipo de violencia machista e combater calquera discurso negacionista e posicionamento político que negue a violencia de xénero ou rexeite as políticas públicas enfocadas á súa total erradicación.
- Impulsar e/ou reforzar as medidas contidas na Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero e no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero no marco das competencias municipais, así como o seu seguimento.
- Instar ao Goberno de España á actualización e renovación do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero en Cortes Xerais para buscar o maior consenso político e social e á mellora da coordinación institucional para garantir que os Fondos do Pacto se implementen da maneira máis óptima.
- Dotar dos recursos económicos necesarios e axentes especializados os instrumentos de loita contra todas as formas de violencia contra as mulleres.
- Impulsar no marco das competencias municipais que as políticas públicas en materia de servizos sociais, sanidade, seguridade e igualdade teñan tamén como obxectivo a abolición da prostitución.
- Instar ao Goberno de España a impulsar un marco normativo orientado á abolición da prostitución.
- Colaborar coas asociacións da sociedade civil que loitan contra a violencia machista e traballan pola igualdade de homes e mulleres.

Proposta de engádegas á moción, que presenta a Sra. Concelleira do BNG:

1. Demandar da Xunta de Galicia o incremento dos recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero do proxecto de orzamentos de 2022 de forma que se sitúen, como mínimo, no 1% do total e así dotar de suficientes recursos para que se rectifique a liña de incumprimento da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da

violencia de xénero, como por exemplo no ámbito da atención psicolóxica garantida desde a atención primaria.

2. Demandar da Xunta de Galicia o reforzo e ampliación da rede de Centros de Información ás Mulleres para garantir a cobertura do conxunto do territorio especialmente aquelas comarcas que actualmente carecen deste servizo así como a dotación dos medios humanos e materiais necesarios para reforzar o cadro de persoal daqueles CIM que asumen unha maior carga de traballo. Para tal fin, a Xunta de Galicia elaborará e remitirá á Cámara galega e á FEGAMP antes de finalizar o presente ano un Plan específico debidamente orzado e coa correspondente planificación temporal para levalo a cabo.

DEBATE: Consta en ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión

VOTACIÓN (incluíndo a proposta de engádegas): O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, presta aprobación á transcrita moción, incluíndo a proposta de engádegas.

FORA DA ORDE DO DÍA

Previa ratificación da urxencia acordada por unanimidade, a proposta da Alcaldía, se acorda entrar na consideración, debate no seu caso, e votación, dos seguintes dous asuntos no incluídos previamente na orde do día:

PRIMEIRO.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 24/2021

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Elaborada a Memoria da Alcaldía, pola que se incoa o presente expediente e se xustifica a necesidade do mesmo, tal e como se establece na base 4ª das de execución do orzamento, e solicitados os informes correspondentes da intervención municipal.

Vistos os informes da Intervención municipal relativos á fiscalización do expediente de modificación de créditos MC 24/2021 (crédito extraordinario financiado con remanente de tesourería para gastos xerais resultante da liquidación do exercicio 2020), para atender a seguinte necesidade, considerada urxente e inaprazable, e derivada das conversas mantidas coas entidades culturais e deportivas sen ánimo de lucro do Concello:

- Establecer unha liña de axudas a favor das entidades sen ánimo de lucro do Concello para a realización de investimentos no exercicio 2021.

Tendo en conta tales informes da Intervención municipal de fiscalización deste expediente de modificación de créditos, de xeito tal que en base a eles, e considerando que este expediente por sí só non vai repercutir negativamente nin na estabilidade orzamentaria nin na regra de gasto,

Considerando, asemade, que no orzamento vixente non existe crédito suficiente para

imputar este tipo de gasto derivado da concesión de subvencións en concurrencia a entidades sen fin de lucro para financiar gastos de investimento; fíxose necesario tramitar o presente expediente de modificación de créditos MC 24/2021 (subexpediente 02/2021 de crédito extraordinario financiado con remanente de tesourería para gastos xerais).

Por todo o anterior, esta Alcaldía emite a seguinte proposta para que polo Pleno se adopten os acordos correspondentes:

1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos **MC 24/2021 de Crédito Extraordinario**, financiado con cargo ao remanente líquido de tesourería resultante da liquidación do exercicio 2020 na parte pendente de emprego, por importe de **10.000,00 euros**, de acordo co seguinte esquema:

A) CRÉDITO EXTRAORDINARIO

Altas nas partidas de gastos

PARTIDA		DESCRIPCION	C.INIC IAIS + MODIFIC	CRÉDITO EXTRAORDIN ARIO	C.FINA IS
Progr	Eco nóm				
334	78000	Promoción da cultura, subvencións a entidades sen ánimo de lucro para gasto de investimento	0,00	6.000,00	6.000,00
341	78000	Promoción do deporte, subvencións a entidades deportivas para gasto de investimento	0,00	4.000,00	4.000,00
Total.....			0,00	10.000,00	10.000,00

Financiamento

En canto ao financiamento do expediente, este realizase con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais resultante da liquidación do ano 2020 (importe dispoñible pendente de emprego), calculado de acordo co establecido pola lexislación vixente. Á devandita forma de financiamento lle corresponde o seguinte detalle:

Alta na partida de ingresos

DESCRIPCION		IMPORTE
Económica		
87000	Remanente de Tesourería para Gastos Xerais.	10.000,00
Total.....		10.000,00

2.- Expoñer este expediente de modificación de créditos ao público mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co disposto no artigo 169 do Texto

Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, polo prazo de quince días hábiles, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións.

No caso de que non se presenten reclamacións ao acordo entenderase definitivamente adoptado, debendo publicarse a dita modificación do Orzamento, resumida por capítulos, no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 169.3 do Real Decreto Lexislativo polo que se aprueba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, presta aprobación á transcrita proposta, que queda convertida en acordo.

SEGUNDO.- MODIFICACIÓN BASES EXECUCIÓN ORZAMENTO 2021 PARA INCLUIR ANEXO RELATIVO ÁS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCÍONS MUNICIPAIS A FAVOR DAS ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO DO CONCELLO PARA A REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Como xa consta na providencia de inicio deste expediente, é intención deste equipo de goberno establecer unha liña de axudas a favor das entidades sen ánimo de lucro do Concello para a realización de investimentos no exercicio 2021.

Remítome ao contido da dita providencia en canto á xustificación deste expediente.

Tendo en conta que as bases reguladoras das distintas liñas de axudas que este Concello ven dotando habitualmente no seu Orzamento apróbanse no marco das Bases de Execución do Orzamento, a través da súa inclusión como anexos ás ditas bases, en aplicación do disposto no artigo 17.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

E vistos os informes emitidos e que constan no expediente, **proponse ao Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo:**

1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación das Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2021 a fin de incluír un novo Anexo no que se inclúan, e así se aproben, as “Bases reguladoras de axudas a favor das entidades sen ánimo de lucro do Concello de Neda, para a realización de investimentos, durante o exercicio 2021”, e que figuran nun documento anexo a esta proposta.

2.- Expoñer este expediente de modificación das bases de execución do orzamento do exercicio 2021 ao público mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de

conformidade co disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, polo prazo de quince días hábiles, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións.

3.- No caso de que non se presenten reclamacións ao acordo entenderase definitivamente adoptado, debendo publicarse a dita modificación das Bases de Execución do Orzamento, no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 169.3 do Real Decreto Lexislativo polo que se aprueba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

ANEXO Á PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO MUNICIPAL

BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS MUNICIPAIS A ENTIDADES SEN FIN DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS DURANTE O EXERCICIO 2021

Disposicións xerais

Estas bases teñen por obxecto establecer os criterios e o procedemento para conceder as subvencións municipais, de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, libre concorrencia, non discriminación e igualdade, orientadas á promoción de investimentos considerados de interese público, coa finalidade de contribuír a que as entidades sen ánimo de lucro do Concello, ou que promoven actuacións de carácter cultural ou deportivo, acaden os obxectivos que lles son propios; ou que, en xeral contribúan ó fomento dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños do Municipio.

Os fins indicados anteriormente efectuaranse de conformidade coa normativa aplicable especialmente prevista nos artigos: 25 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; 294 da lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local; 40.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais; e 23 e seguintes do regulamento de servizos das corporacións locais; lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; real decreto 887/2006, do 21 de xullo; real decreto 2225/1993, do 17 de decembro, en canto non se opoña a esta última.

As subvencións obxecto desta convocatoria efectuaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias 334.78000 (realización de investimentos, promoción cultural, por importe máximo de 6.000,00€) e 341.78000 (realización de investimentos, promoción do deporte, por importe máximo de 4.000,00€).

1. Obxecto da subvención.

A presente convocatoria ten por obxecto o establecemento de axudas económicas para a realización de investimentos por parte dalgunhas das entidades que poden ser beneficiarias das axudas municipais para a realización de actividades de promoción cultural e deportiva, e que supoñan construción ou mellora de infraestruturas ou dotación de equipamentos aos efectos de contribuír a que acaden os obxectivos para os que foron creadas. Entenderase por investimento os gastos de natureza inventariable tales

como inmoables, mobles ou outros susceptibles de inventario, cun custo unitario superior a 100 euros.

O período que se terá en conta para a realización dos investimentos será o ano natural (dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2021).

As entidades beneficiarias das liñas de axuda para actividades de promoción cultural ou deportiva, e que poidan ser tamén beneficiarias desta liña de axudas para a realización de investimentos, só poderán solicitar subvención para unha liña de axudas; é dicir, para financiar actividades ou ben para financiar investimentos.

2. Solicitantes.

Poderán solicitar estas subvencións as entidades legalmente constituídas e inscritas no rexistro municipal de Asociacións, con sede social en Neda, que poidan levar a cabo os proxectos, actividades ou se atopen na situación que motiva a concesión da subvención, debendo nomear un representante con poderes bastantes para cumprir as obrigas de beneficiario. Deben cumprir, en todo caso, os seguintes requisitos:

- Estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.
- Carecer de fins de lucro.
- Ter a súa sede social en Neda.
- Desenvolver as súas actividades preferentemente no termo municipal, ou no caso de efectuarse fóra deste, deberá tratarse de actividades que suplan ou complementen ás atribuídas ó Concello de Neda.
- Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Neda.
- Estar ó corrente das obrigas tributarias co Concello de Neda.
- Non estar incurso a persoa representante e a entidade nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para seren beneficiarias ou percibiren subvencións das administracións públicas, segundo o disposto na lexislación de carácter xeral.

As subvencións destinadas á realización de investimentos de promoción do deporte poderán ser solicitadas polos clubs e entidades deportivas que promovan o fomento de actividades físico-deportivas.

3. Documentación para a solicitude.

- a) Instancia individualizada, asinada polo presidente da entidade, asociación, o por quen teña conferida a delegación, debendo acreditar debidamente tal circunstancia, na que conste a cuantía da subvención que se solicita.
- b) Memoria explicativa do investimento para o que se solicita subvención, e na que se indicarán aspectos coma os seguintes: descripción do investimento que se vai realizar, a fin de comprobar que é subvencionable dentro desta convocatoria; explicación da necesidade do investimento (para qué actividades se precisa, qué tipo de proxectos se queren facer a partir deste investimento, etc).
- c) Orzamento detallado dos gastos ocasionados polas actuacións para as que se solicita a subvención e dos ingresos previstos para a súa financiación.
- d) No caso de tratarse de obras, declaración de ter acreditada a propiedade ou dereito real que se posúa sobre o ben inmoable e, no seu caso, declaración de ter autorización do propietario para a realización das obras.
- e) Compromiso de manter a adscrición do ben ás fins que motivaron a concesión da subvención por un prazo mínimo de cinco anos, no caso de inmoables ou de dous anos no caso de bens inventariables.

- f) Acreditación documental e fotográfica das actuacións a desenvolver, sempre que fose posible.
- g) Certificación dos cargos representativos e domicilio social, con expresión do DNI o CIF. (Se fosen entidades inscritas no Rexistro de Asociacións do Concello non se esixirá tal trámite).
- h) Estatutos da entidade para o caso das asociacións e demais persoas xurídicas. (Se fosen entidades inscritas no Rexistro de Asociacións do Concello non se esixirá tal trámite).
- i) Copia do CIF da entidade. (Se fosen entidades inscritas no Rexistro de Asociacións do Concello non se esixirá tal trámite).
- j) Declaración de se lles foron concedidas outras subvencións para a mesma actuación procedentes de calquera administración ou ente público o privado, obrigándose a comunicar aquelas concedidas con data posterior á presentación da solicitude.
- k) Certificación dos datos bancarios da entidade solicitante.
- l) Certificación do secretario da asociación ou Declaración xurada de que se atopan ó corrente nas súas obrigas fiscais en xeral, e en concreto, co Concello de Neda, e coa seguridade social.

As asociacións inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións están exentas de presentar a documentación sinalada nos apartados g), h) e i), debendo presentar fotocopia do documento que acredite a súa inscrición.

Se se apreciasen defectos de forma o documentación incompleta, requirirase a corrección o rectificación no prazo de dez días, arquivándose o expediente sen máis trámite de non efectuarse éstas.

4. Prazo de solicitudes.

As solicitudes de subvención deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello. As entidades interesadas poderán solicitar as subvencións no prazo de vinte días naturais, contados a partir do día seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

5. Concesión de subvencións.

A concesión de subvencións corresponde á Xunta de Goberno Local, previa proposta dos concelleiros delegados na materia debidamente motivada, de acordo cos seguintes criterios:

A.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ENTIDADES VECIÑAIS E CULTURAIS:

CONCEPTO	PUNTOS
<i>A súa representatividade no Concello, o interese xeral das actividades a desenvolver e a súa repercusión social por cada actividade subvencionable</i>	0,25
<i>Contribución a normalización dos usos oral ou escrito da lingua galega</i>	0,25
<i>Carácter periódico ou permanente das actividades a desenvolver organizadas pola entidade</i>	0,25
<i>Actividades dirixidas a persoas maiores ou en perigo de exclusión</i>	1
<i>Accións de recuperación patrimonial (etnográfica, musical, tradición oral, recuperación do patrimonio material e inmaterial, etc...) por cada actividade subvencionable</i>	0,25
<i>Accións dirixidas a promover a participación da xuventude na vida social</i>	1
<i>Accións dirixidas a preservar o medio ambiente, ben a través de accións formativas, informativas ou actuacións directas no medio, sempre que contencas correspondentes autorizacións por parte da administración competente, por cada actividade</i>	0,25

<i>Actividades conxuntas entre varias asociación</i>	1
<i>Actividades informativas ou calquera outra actividade proposta polo Concello</i>	1

B.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS:

CONCEPTO	PUNTOS
<i>Contribución a normalización dos usos oral ou escrito da lingua galega</i>	1
<i>Actividades informativas, formativas ou calquera outra actividade proposta polo Concello</i>	1
<i>Accións dirixidas a promover a participación da xuventude na actividade</i>	1
<i>Carácter periódico ou permanente das actividades a desenvolver organizadas pola entidade</i>	1
<i>Pola existencia de varios equipos ou categorías que participen en competicións</i>	3
<i>Polo número de fichas en competicións federadas:</i>	
<i>- 20 fichas o menos</i>	3
<i>- Entre 20 e 50 fichas</i>	6
<i>- Mais de 50 fichas</i>	9

A contía da subvención que se concederá a cada unha das solicitudes, será o resultado de aplicar os criterios referidos e aplicar a seguinte fórmula:

CONTIA SUBVENCIÓN: (E*O)/T

Sendo:

T: A suma da puntuación total de toda-las entidades.

E: A puntuación da entidade solicitante.

O: O importe total da partida orzamentaria en euros.

A contía da subvención estará en función do custo das actuacións presentadas, dos criterios de baremo e dos recursos con que conte para cubrir parcialmente os proxectos, e terá en todo caso un importe máximo non superior a 1.500 euros no caso de subvencións a entidades veciñais e culturais.

As subvencións que se outorguen ó abeiro do establecido nas presentes bases serán compatibles con outras axudas para a mesma finalidade, calquera que sexa a súa procedencia, pero en ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade que vai a desenvolver a entidade beneficiaria.

A porcentaxe subvencionable polo Concello poderá acadar o 100% do custo da actividade á que se aplique.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, procederase polo departamento competente, a efectuar unha comparación ós efectos de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración anteriormente fixados, elaborando unha proposta de concesión que se someterá ó órgano competente para a súa concesión.

Posteriormente, o órgano municipal competente adoptará o acordo que proceda.

A resolución da concesión será notificada ó interesado no prazo de tres meses, unha vez expirado o prazo de presentación de solicitudes. A falta de resolución expresa producirá efectos desestimatorios, e contra a desestimación expresa ou presunta poderán formularse os recursos que procedan.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutros organismos públicos ou privados, supere o custo total da actividade a desenvolver pola entidade beneficiaria.

6. Obrigas dos beneficiarios.

Son obrigas do beneficiario:

- Realizar os investimentos que fundamentaron a concesión da subvención e acreditar a súa realización.

- Xustificar o cumprimento dos requisitos, así como a realización do investimento e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da subvención.

- Utilizar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiros/as que poidan acreditar mediante documento expedido por unha entidade financeira, no que quede identificada a persoa ou entidade beneficiaria, o importe e a data de pagamento. Só excepcionalmente poderá utilizarse o pagamento en metálico cando o importe sexa inferior a 150,00€.

O incumprimento desta disposición, para algún gasto, implicará que este gasto se considere “non subvencionable”, de conformidade ecos artigos 72.2, 75.2 e 89 do RDLXS e en relación cos artigos 31.2 e 37 da LXS.

- Destinar a subvención exclusivamente ós fins para os que foi concedida, quedando expresamente prohibida calquera alteración do destino non autorizada polo Concello.

- O sometemento ás actuacións de comprobación do Concello da efectiva realización das actividades para as que se concede a subvención.

- Comunicar ó órgano concedente a obtención doutras subvencións ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

- Facilitar canta información sexa requirida polo Concello, polo Tribunal de Contas ou a intervención municipal.

- Acreditar que está ó corrente das súas obrigas fiscais co Concello, das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, situación a primeira que se apreciará de oficio por este Concello, sen perxucio da esixencia da certificación neste senso polo secretario da asociación. En todo caso, a entidade poderá autorizar ao Concello para obter as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigas e ordenar o pagamento.

- Dispoñer dos libros contables e demais documentos debidamente auditados nos termos da lexislación mercantil.

- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos.

- Sinalar en todo tipo de publicidade que a actuación subvencionada conta co financiamento do Concello de Neda.

- Proceder ó reintegro dos fondos recibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da lei 38/2003, xeral de subvencións.

7. Documentación para a xustificación e cobro das subvencións.

O prazo de xustificación das subvencións será de dous meses a partires da súa concesión e, en todo caso, antes do 31 de maio do ano seguinte, salvo que se solicitase e fose concedida prórroga. Se non se presentase a xustificación dentro do prazo (inicial ou prorrogado) por resolución da Alcaldía, iniciarase o expediente de anulación do correspondente compromiso, ou de reintegro das cantidades percibidas e non xustificadas.

Para o cobro das subvencións as entidades presentarán a seguinte documentación:

- Certificación do secretario/a da entidade co visto e prace do presidente/a que acredite o cumprimento dos investimentos solicitados e as subvencións obtidas doutros organismos ou entidades para os mesmos conceptos, ou declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

- Facturas dos investimentos, debendo alcanzar como mínimo o importe da subvención concedida. Deberán constar asinadas polo representante da entidade beneficiaria, acreditando deste xeito a súa recepción.

Únicamente se admitirán xustificantes de gastos correspondentes a investimentos realizados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2021.

- Fotografías dos investimentos.
- Declaración do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración do Concello de Neda en toda a información que fixera sobre os investimentos e as actividades culturais ou deportivas directamente relacionadas co investimento subvencionado.

8. –Tramitación da xustificación.

Para os efectos de xustificar os gastos e coa finalidade de exceptuar o artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, entenderase que o gasto está realizado coa achega da documentación sinalada na base anterior.

Á vista da documentación xustificativa presentada (e logo dos informes previos, de ser o caso, da unidade xestora) despois da súa fiscalización, o órgano competente valorará o cumprimento dos investimentos subvencionados e, se a documentación é correcta, procederase ao pagamento da subvención.

Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da subvención, terase en conta o seguinte:

- a) No caso de que se xustifique gasto polo 100% do orzamento subvencionado para xustificar, aboarase a totalidade da subvención.
- b) No caso de que se xustifique gasto inferior ao 100%, o importe da subvención reducirase proporcionalmente ós gastos non xustificadas correctamente.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa corrección. Pasado o dito prazo sen que a entidade interesada atenda o requirimento, entenderase que desiste do seu pedimento, ditándose resolución da perda do dereito ao cobro.

O Concello de Neda poderá requirir da entidade beneficiaria a documentación que estime pertinente para os efectos de comprobar o cumprimento da finalidade da subvención.

O pago da subvención efectuarase mediante ingreso na conta sinalada pola entidade.

No prazo máximo de un mes dende que o Concello realizara o ingreso da subvención na conta bancaria indicada pola entidade beneficiaria, a entidade deberá presentar no rexistro do Concello os xustificantes acreditativos dos pagos realizados a favor das empresas emisoras das facturas presentadas como xustificantes da subvención municipal concedida. No caso contrario, o dito gasto considerarase como non válido para os efectos de xustificación da subvención.

9. -Reintegro de subvencións.

Procederá o reintegro do total ou parte das cantidades percibidas dende o momento do pago da subvención, nos casos previstos nos artigos 36 e 37 da lei 38/2003, xeral de subvencións.

Disposicións Finais.

Os beneficiarios das subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador establecido nos capítulos I e II do título IV da lei 38/2003, xeral de subvencións, e no artigo 40 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, e demais normas

concordantes: Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Contas e Lei ordinaria do Consello de Contas de Galicia.

As sancións procedentes serán acordadas e impostas pola Alcaldía.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, presta aprobación á transcrita proposta, que queda convertida en acordo.

11º.- ROGOS E PREGUNTAS

Constan en ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión.

E non habendo máis asuntos que tratar na orde do día, polo Sr. Alcalde levántase a sesión cando son as trece horas e trinta e seis minutos do día sinalado no encabezamento, de todo o cal esténdese a presente acta, do que eu, Secretario, dou fe e certifico.

O Alcalde

O Secretario Xeral